



# Caderno da crítica

## Cuestionario Proust: Toño Núñez

[Ramón Nicolás 6 Maio 2015](#)

**1.- O principal trazo do seu carácter?**

-O compromiso, a seriedade, quizais.

**2.- Que calidade aprecia máis nas persoas?**

-A bondade.

**3.-Que agarda das súas amizades?**

-Que sexan auténticas.

**4.-A súa principal eiva?**

-A escasa capacidade de resolución, a falta de memoria (non lembro máis).

**5.-A súa ocupación favorita?**

-Soñar esperto polas noites.

**6.-O seu ideal de felicidade?**

-Vivir nun mundo no que se cumprise a máxima: "Non lle fagas a ninguén o que non che guste que che fagan a ti".

**7.-Cal sería a súa maior desgraza?**

-Perder a autonomía física ou mental, ou ambas, claro; ou que a perdesen as miñas fillas, a miña compañeira de viaxe...

**8.-Quen lle gustaría ser?**

-Alguén con capacidade para transformar o mundo, para combater a inxustiza...

**9.-En que país desexaría vivir?**

-Igual me viña ben (para a miña saúde) vivir nun país no que non fixese frío nin calor. Existe? Pois, logo, xa que non me deron a escoller, sigo aquí.

**10.- A súa cor favorita?**

-A da herba.

**11.-A flor que máis lle gusta?**

-A da cerdeira.

**12.-O paxaro que prefire?**

-O xílgaro.

**13.-A súa devoción na prosa?**

-En conxunto, a de Manuel Rivas.

**14.-E na poesía?**

-Pico aquí, pico acolá.

**15.-Un libro?**

-Polo que me marcou cando o lín, Memorias dun neno labrego; pola maestría literaria... quizais... Rayuela, de Cortázar.

**16.-Un heroe de ficción?**

-Calquera que lles roube aos ricos para repartir entre os pobres, calquera que loite polos

dereitos das persoas desfavorecidas...

**17.-Unha heroína?**

-Calquera nai á que lle asasinaron un fillo na guerra, calquera nai de drogadicto ou drogadicta, calquera muller vítima de malos tratos, calquera muller casada cun alcohólico... Tantas...

**18.-A súa música favorita?**

-Uf... Se me desen a escoller... A de Fuxan os ventos.

**19.-Na pintura?**

-Uf, uf... Universal... Caravaggio; un pintor noso contemporáneo... Miguel Anxo Macía.

**20.-Un heroe ou heroína na vida real?**

-Despois dos futbolistas de máis sona, calquera médica/o que salve vidas nun quirófano. Non son mitómano.

**21.-O seu nome favorito?**

-Navia.

**22.-Que hábito alleo non soporta?**

-A chulería é un hábito?

**23.-O que máis odia?**

-O odio.

**24.-A figura histórica que máis despreza?**

-Calquera que fose capaz de humillar, maltratar, torturar, violar, matar por vinganza ou por conquistar ou conservar o poder. Non obstante, parece-me que as figuras históricas hai que xulgalas no seu contexto.

**25.-Un feito militar que admira?**

-Son radicalmente contrario á existencia dos exércitos... Ningún!

**26.-Que don natural lle gustaría ter?**

-O da intelixencia e o da bondade; porque... un sen o outro... serven para pouco.

**27.-De que maneira lle gustaría morrer?**

-Durmindo.

**28.-Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?**

-En condicións normais, a tranquilidade.

**29.-Que defectos lle inspiran máis indulxencia?**

-A ignorancia involuntaria, o rancor dos maltratados pola vida; pola contra, levo moi mal a hipocrisía.

**30.-Un lema na súa vida?**

-Dous: "Da Terra veño e á Terra volveirei" e "Non lle fagas a ningún o que non queiras para ti".